

## **AHORRO DE ENERGÍA. LA ESPERANZA DEL FUTURO**

(Para maestros de Segundo Ciclo de la Educación Primaria y especial). Varios Autores.

Ministerio de la Industria Básica. Editora Política.

La Habana, 2001

É moi interesante para os profesores que estamos interesados no desarrollo da Educación Ambiental, e na Educación enerxética concretamente, ver o que se fai noutros países, comparar como afrontan os problemas que ás veces nos semellan insuperables.

O espello elexido nesta ocasión ven dun país moi lonxano na xeografía pero perto na historia e no corazón. Grazas a un convenio de cooperación asinado xa hai máis de catro anos entre as Universidades de Santiago de Compostela e La Habana, tivemos ocasión de conectar en diferentes ocasións cos profesores responsables da Aula de Enerxías Renovables da Universidade Pedagóxica da Habana, participamos en varios eventos conxuntos e coñecemos algúns dos seus proxectos máis importantes.

O libro que glosamos a continuación é xustamente unha das ferramentas deseñadas para pór en cumprimento o Programa de Aforro de Enerxía do Ministerio de Educación (PAEME), que en si mesmo é unha parte do Programa de Aforro de Electricidade en Cuba (PAEC).

O libro vai dirixido aos ensinantes cubanos de segundo ciclo de Primaria e Educación Especial. O seu contido é eminentemente práctico e as actividades que se ofertan non se conciben dirixidas a unha asignatura concreta, senon que se vincularán a proxectos docentes interdisciplinares. Poseen un carácter motivador, ameno e integrador e teñen a flexibilidade suficiente como para adecualas ás áreas, lugares e momentos que nos interesen máis en cada caso. Na primeira parte do libro traballanse os principais conceptos e ideas da Educación Enerxética, para pasarse logo á promoción de actividades de todo tipo, suxerencias de experiencias e accións, así como apéndices de tipo histórico, bibliográfico, glosario de termos enerxéticos, etc. As actividades propostas son tan variadas que poden ser útiles tanto na clase de Física, como de Xeografía, Lingua ou Matemáticas. E, máis aínda, son tan atinadas e suxerentes que valen tanto para un profesor cubano coma para un galego; e digo esto porque teño traballado en máis dunha ocasión cos meus alumnos e alunas da ESO os exercicios e propostas apuntadas no libro que comentamos. Citemos por exemplo: "as medidas de aforro que propician a solidariedade enerxética", "as ideas metodolóxicas para o ensino do aforro da enerxía", ou "as suxerencias de actividades para o aforro da enerxía".

Trátase ademáis dunha proposta aberta a novas opinións e propostas como se indica no mesmo limiar do libro, aproveitando os concursos que anualmente convoca o PAEME co obxectivo de millorar

a formación da conciencia enerxética dentro do marco xeral do  
Desenvolvemento Sostible.

Unha obra, xa que logo, moi recomendable para os ensinantes galegos que queiran introducir a conciencia enerxética como elemento fundamental da Educación Ambiental. Para elo disporán dunha ampla introducción sobre os conceptos básicos en temas enerxéticos, os tipos de fontes enerxéticas e a historia da enerxía eléctrica, para continuar coa produción da electricidade en Cuba, a lectura do contador, as horas pico de consumo, etc.

Nun país como Cuba, no que os apagóns son unha triste realidade cotián, a necesidade de aforro enerxético prantéxase moitas veces en termos de supervivencia dun sistema económico afogado por un bloqueo exterior a todas luces inxusto. No noso caso, como cidadáns dun país industrializado do Norte, debemos solidarizarnos ecolóxica e socialmente por un auténtico desenvolvemento sostible equitativo e xusto; e como profesores, participar en proxectos de cooperación educativa cos nosos colegas de Latinoamérica para intercambiar as experiencias mutuas. Este libro cubano de aforro enerxético aporta ideas moi útiles nestas direccións.

Reseña elaborada por Manuel Antonio Fernández Domínguez  
Coordinador Taller de Educación Ambiental ICE-USC